

Ademais dos seguros anteriores, Mutuasport ofrece a través da Federación de Caza Seguros de Responsabilidade Civil de COMPETICIÓN, ADESTRAMENTOS, BATIDAS, GANCHOS, e DE CAZA SEN ARMAS, entre outros.

SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL DE CANS DURANTE TODO O ANO

Estes seguros van asociados a calquera dos Documentos Únicos (seguros federativos) anteriores, agás á Licenza Federativa, e nel pódense incluír o número de cans que desexe o titular no caso dos anexos AP (sen franquicia), e ata 12 no caso dos anexos AF (con franquicia), debendo aportar datos ou documentación que os acredite.

O seguro PREMIUM leva incluído no seu prezo un anexo para asegurar varios cans durante todo o ano.

COBERTURAS

Cubre a responsabilidade civil dos cazadores polos danos corporais e/ou materiais que poidan ocasiona-los cans obxecto do seguro, durante todo o ano, ata un límite total de 200.000 € por ano (300.000 € nos anexos incluídos no seguro PREMIUM), con sublímites de 150.000€ por vítima e 50.000€ no caso de danos materiais.

NOTA: a responsabilidade civil dos cans nos días de caza e adestramento xa está cuberta polo seguro do cazador.

INFÓRMATE NA TÚA SOCIEDADE OU NAS NOSAS OFICINAS



Federación Galega de Caza

www.federaciongalegacaza.com

FGC SANTIAGO

981 56 27 77

federacion@
federaciongalegacaza.com

FGC A CORUÑA

981 70 29 57

coruna@
federaciongalegacaza.com

FGC OURENSE

988 22 16 20

ourense@
federaciongalegacaza.com

FGC LUGO

982 25 49 96

lugo@
federaciongalegacaza.com

FGC PONTEVEDRA

986 85 23 00

pontevedra@
federaciongalegacaza.com

P

27,19 €

N

46,19 €

Q

52,19 €

S

56,19 €

PR

70,19 €

R

36,19 €

LICENZA FEDERATIVA

SEGURO DE DANOS PROPIOS

CAPITAL ASEGURADO: 18.030,36 €

- ✓ DANOS PROPIOS: 18.030,36 €

DOCUMENTO ÚNICO { N }

LICENZA FEDERATIVA +
DANOS PROPIOS + R.C. OBRIGATORIO +
R.C. VOLUNTARIO + DEFENSA XURÍDICA
R.C. DE CANS NA ACCIÓN DE CAZAR
ATA 30 DÍAS EN CASO DE PERDA OU EXTRAVÍO

CAPITAL ASEGURADO: 332.251,82 €

- ✓ DANOS PROPIOS: 42.100,00 €
- ✓ SEGURO OBRIGATORIO: 90.151,82 €
- ✓ SEGURO VOLUNTARIO: 200.000,00 €

DOCUMENTO ÚNICO { Q }

LICENZA FEDERATIVA +
DANOS PROPIOS + R.C. OBRIGATORIO +
R.C. VOLUNTARIO + DEFENSA XURÍDICA
R.C. DE CANS NA ACCIÓN DE CAZAR
ATA 30 DÍAS EN CASO DE PERDA OU EXTRAVÍO

CAPITAL ASEGURADO: 532.251,82 €

- ✓ DANOS PROPIOS: 42.100,00 €
- ✓ SEGURO OBRIGATORIO: 90.151,82 €
- ✓ SEGURO VOLUNTARIO: 400.000,00 €

DOCUMENTO ÚNICO { S }

LICENZA FEDERATIVA +
DANOS PROPIOS + R.C. OBRIGATORIO +
R.C. VOLUNTARIO + DEFENSA XURÍDICA
R.C. DE CANS NA ACCIÓN DE CAZAR
ATA 30 DÍAS EN CASO DE PERDA OU EXTRAVÍO

CAPITAL ASEGURADO: 732.251,82 €

- ✓ DANOS PROPIOS: 42.100,00 €
- ✓ SEGURO OBRIGATORIO: 90.151,82 €
- ✓ SEGURO VOLUNTARIO: 600.000,00 €

D.U. { PREMIUM }

LICENZA FEDERATIVA +
DANOS PROPIOS + R.C. OBRIGATORIO +
R.C. VOLUNTARIO + DEFENSA XURÍDICA
R.C. DE CANS NA ACCIÓN DE CAZAR
ATA 30 DÍAS EN CASO DE PERDA OU EXTRAVÍO

CAPITAL ASEGURADO: 1.150.151,82 €

- ✓ DANOS PROPIOS: 60.000,00 €
- ✓ SEGURO OBRIGATORIO: 90.151,82 €
- ✓ SEGURO VOLUNTARIO: 1.000.000,00 €
- ✓ 2-4 CANS ASEGURADOS TODO O ANO

DOCUMENTO ÚNICO { R }

CAZA SEN ARMAS

LICENZA FEDERATIVA +
DANOS PROPIOS + R.C. OBRIGATORIO +
R.C. VOLUNTARIO + DEFENSA XURÍDICA
R.C. DE CANS NA ACCIÓN DE CAZAR
ATA 30 DÍAS EN CASO DE PERDA OU EXTRAVÍO

CAPITAL ASEGURADO: 382.251,82 €

- ✓ DANOS PROPIOS: 42.100,00 €
- ✓ SEGURO OBRIGATORIO: 90.151,82 €
- ✓ SEGURO VOLUNTARIO: 250.000,00 €

PREZOS SEN DESCONTOS

Consulte as promocións na Federación

SEGUROS Federativos



Federación Galega de Caza



MUTUASPORT

Mutuasport, Mutua de Seguros Deportivos de Caza, é a **única compañía estatal que se adica única e exclusivamente ó seguro de caza**. Tódolos asegurados son mutualistas da entidade e forman parte da asemblea xeral da mesma a través dos seus representantes, que son elixidos periodicamente mediante o correspondente proceso electoral, no que tódolos mutualistas poden tomar parte.

Na actualidade, os federados galegos están representados –ademais de na propia asemblea xeral como corresponde– no Consello de Administración, contando cun Conselleiro Delegado tamén galego.

Os Seguros Mutuasport, **destinados unicamente a cazadores federados**, poden adquirirse nas sociedades de caza federadas ou nas correspondentes Federacións Provinciais e Autonómicas.

Do prezo de venda ó público que o cazador paga polo seguro –unha vez deducida a prima correspondente á compañía de Seguros– finánciase toda a estrutura federativa, as Sociedades de Cazadores federadas, as Federacións Provinciais e a Federación Galega.

Na actualidade existe unha ampla gama de produtos, que a continuación desenrolamos brevemente.

SEGUROS FEDERATIVOS DE CAZA

A calquera das variantes dos seguros que se indican a continuación pódese incluír a Responsabilidade Civil do Can ó longo de todo o ano, previo pago da prima correspondente.

DANOS PROPIOS

(incluídos nas Licencias Federativas e en tódolos tipos de Documentos Únicos)

- **LIBRE ELECCIÓN –PREVIA AUTORIZACIÓN- DE CENTROS HOSPITALARIOS E FACULTATIVOS CONCERTADOS** para a asistencia médico quirúrxica ata un límite máximo do capital asegurado en danos propios.
- **AUXILIO AO FALLECIDO** ata un importe de 3.100 €
- **GASTOS DE TRASLADO OU EVACUACIÓN** ata o límite de capital da póliza
- **PRÓTESES OU APARELLOS ORTOPÉDICOS** por un importe do 70% da factura oficial
- **GASTOS ODONTO-ESTOMATOLÓXICOS** cun límite máximo de 500 €
- **INDEMNIZACIÓN POR GRAN INVALIDEZ** ata o 100% do capital asegurado

- **INDEMNIZACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE ABSOLUTA** ata o 75% do capital asegurado
- **INDEMNIZACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL** ata o 60% do capital asegurado
- **INDEMNIZACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARCIAL** ata o 55% do capital asegurado
- Auxilio ó **FALLECEMENTO POR CAUSAS NATURAIS (infarto de miocardio, etc.)** durante a práctica da caza ata 1.803,04 €.
- **INDEMNIZACIÓN EN CASO DE ACCIDENTE DE CAZA CON RESULTADO DE MORTE** ata 42.100 € (60.000€ en seguro Premium)
- **FALLECEMENTO EN ACCIDENTE DE TRÁFICO** ocorrido á ida ou regreso do cazadeiro (accidente in itinere) ata 6.010,12 €
- **FALLECEMENTO DURANTE A ACCIÓN DE CAZAR COMO CONSECUENCIA DA CAÍDA DUN RAI** indemnización máxima de 6.010,12 €
- **DANOS DA ESCOPETA**. Para as escopetas de ánima lisa establécese unha axuda de ata 300,00 € para o dano que poida producirse unicamente por explosión ou rebentón do canón da escopeta, exclúense a madeira, accesorios así como calquera outro tipo de dano.
- **ROUBO DA ARMA**. Nos seguros tipo PREMIUM queda cuberto o roubo da arma por un valor de ata 1.500€
- Inclúense os **DANOS QUE SE PRODUZA O ASEGURADO DURANTE O ADESTRAMENTO DE CANS**, sempre e que se realice en zonas legalmente autorizadas e se conte coa autorización expresa do titular do Tecor.
- Inclúense tamén os **DANOS QUE SE PRODUZA O ASEGURADO NAS PRÁCTICAS CINEXÉTICAS REALIZADAS EN ZONAS DE CAZA INTENSIVA**, sempre e cando esta debidamente autorizada tanto a zona como o cazador.

SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL OBRIGATORIO

(incluído por Lei en tódolos tipos de Documentos Únicos)

- Cubre os danos causados polo asegurado a terceiros ata un límite máximo de 90.151,82 € por vítima.

SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL VOLUNTARIO

(incluído en tódolos tipos de Documentos Únicos)

- Cubre a responsabilidade civil dos danos causados polo **cazador** a terceiros, ata o límite de cobertura establecido no seguro voluntario (ata 1.000.000€ no seguro PREMIUM).
- Cubre a responsabilidade civil dos danos causados polos **cans** do cazador, ata o límite de cobertura da póliza
- En caso de perda ou extravío dos **cans**, cubre os danos causados por estes ata 30 días despois –un ano no caso dos anexos–, sempre que se realice denuncia no prazo de 72h dende a perda.
- Abono ós prexudicados ou ós seus herdeiros das indemnización á que dera lugar a responsabilidade civil do asegurado, a partir dos límites de cobertura do seguro obrigatorio, ata un límite máximo do capital asegurado no Seguro Voluntario.
- O pagamento de costas e gastos xudiciais cando o asegurado sexa condenado ás mesmas.
- A constitución de fianzas xudiciais esixidas ó asegurado para garanti-la súa responsabilidade civil dentro dos límites da póliza.
- Os danos ocasionados a animais ou cousas, agás os utilizados na cacería, dentro dos límites da póliza.
- Os danos causados en competicións deportivas, dentro dos límites da póliza.
- En caso de falecemento ata límite máximo do capital asegurado no seguro voluntario.
- En gran invalidez ata o 100% da cobertura da póliza.

DEFENSA XURÍDICA

A maiores das coberturas anteriores anteriormente sinaladas, tódolos Documentos Únicos (“N”, “Q”, “R”, “S” e “PREMIUM”) contan **conha cobertura especial de defensa xurídica**. Esta poderá ser asumida directamente por Mutuasport sen límite de gasto, ou directamente polo propio asegurado, que neste caso podería elixir libremente a súa defensa, e o seu o avogado e procurador, contando para elo conha prestación de 6.000 €uros.